



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data dezanove de maio de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<Decreto: 216 / 2015 Data decreto: 19/05/2015 Descrición decreto: Nomeamento persoal limpeza e situación actual bolsa emprego.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o escrito, rexistro entrada 1104 de data 18/05/2015, asinado pola limpiadora dona M^a Teresa Rico Souto con DNI 15383806A,

De conformidade co decreto n.º 341/2012 de data 05/11/2012, polo que se aproba a bolsa de emprego de persoal de limpeza, en cuxa situación actual temos candidatos/as con dispoñibilidade inmediata para a contratación e tendo en conta os movementos da bolsa segundo os escritos presentados por cada unha das candidatas que forman parte da mesma:

Dna. M^a Isabel Monterroso Varela con DNI n.º 78783428X con entrada n.º 1108 en data 18/05/2015 no que acredita que se atopa traballando, polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Dna. Jessica Vázquez Pérez con DNI n.º 53304534X con entrada n.º 1109 en data 18/05/2015 no que acredita que se atopa traballando, polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal laboral temporal de limpeza a xornada completa a don Jose Antonio García Ramos con DNI 30569855A, polo periodo en que se atope de baixa médica a traballadora dona M^a. Teresa Rico Souto.

Condiciónase a formalización do contrato en aplicación da base sétima á presentación polo interesado de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separado do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

SEGUNDO.- Facer pública por certificado deste decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Boimorto así como na páxina web a situación actual da bolsa de traballo de persoal de limpeza que queda tal como segue tras a nova contratación de don Jose Antonio García Ramos:

1.- M^a Isabel Monterroso Varela con DNI 78783428X (Non contratada. Atópase traballando, mantén o mesmo lugar na lista)

2.- Jessica Vázquez Pérez con DNI 53304534X (Non contratada. Atópase traballando, mantén o mesmo lugar na lista).

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 20/05/2015.

Boimorto, dezanove de maio de dous mil quince

A Alcaldesa

Perante min:
A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 19 de maio de 2015

Vº Pr.
A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernandez